

Abraza unha árbore e descobre a natureza que tes moi preto da casa

Unha historia de HENRIQUE ALVARELLOS ilustrada por XULIA NIETO PEREIRA onde se nos convida a darnos un «baño de bosque» a través da protagonista, Lucía, e do seu amigo Álex quen, aínda que non pode ver, sente cada son e cada recanto da natureza.

TEXTO CONTRACAPA

As árbores teñen voz. E mans, mans con dedos. E senten. Vaia se senten! Dígovolo eu, que o sei ben. Seino dende sempre. Cando mamá e papá me levaron ao bosque a abrazar a miña primeira árbore.

Abre este conto e entrarás nun bosque fascinante.

ARGUMENTO

Cando cumpriu tres anos, Lucía recibiu un agasallo moi especial de mamá e papá: unha árbore. Un precioso freixo que medra no pequeno bosque preto da casa. Visítalo todas as semanas: obsérvao, úleo, fálalle e, sobre todo, abrázao. Álex, o mellor amigo de Lucía, é cego, mais xuntos descubren igualmente un mundo fascinante cheo de sensacións. Un día o freixo ponse maliño, pero a natureza sempre segue o seu camiño...


CLAVES PARA A LECTURA

Descubrir un bosque, pero tamén un parque ou un xardín, a través das súas árbores, é unha das actividades máis enriquecedoras para calquera idade.

Este álbum ilustrado convida a entrar nesta atmosfera natural e ir coñecendo e valorando a natureza única que temos tan preto das nosas casas e que pasa moitas veces diante de nós sen darnos de conta.

Abrazar unha árbore forma parte dunha práctica que xurdiu, como terapia, no Xapón nos anos oitenta: o *shirin-yoku* («baño de bosque»). Estendeuse por todo o mundo. Trátase de relaxar escoitando o bosque, tocando, ulindo, en calma... Álex, o amigo de Lucía, non pode ver, pero o bosque fascínalos por igual aos dous.

As ilustracións lévannos a penetrar neste universo natural e sensorial. Feitas con acuarelas e sutís trazos a lapis. Inspirados nelas, podemos facer nós tamén o debuxo da nosa árbore favorita, das súas follas e do lugar onde se atopa.



➔ Idade de interese: +3 ➔ Nivel de lectura: +5

HENRIQUE ALVARELLOS (Lugo, 1968) é escritor e editor. Autor de varios libros (*Territorio auroral*, *Teoría de Lugo*, *Galicia en cen prodixios*, *Diario dun pai acabado de nacer*, *Balada ceibe no bosque de Conxo* ou *Federico García Lorca en Santiago de Compostela* -no prelo-), este é o seu primeiro conto. Está inspirado en dous espazos naturais: nun bosque da súa infancia, a carballeira de Fingoi (Lugo), e no Bosque do Banquete de Conxo (Compostela) cuxa apertura el impulsou en 2018.

XULIA NIETO PEREIRA (Mazaricos, 1990) é ilustradora, deseñadora e creativa. Formouse na Escuela de Diseño de Granada e este é un dos seus primeiros traballos publicados. En 2018 ilustrou o premiado poemario de Emma Pedreira *Antídoto* (Alvarellos Editora).



FICHA TÉCNICA 36 pp. 21,5 x 28 cms

ISBN: 978-84-16460-79-3 PVP: 14 €

Capa dura. Cosido a fío. Impresión offset.



EDITORA
alvarellos

verdemar@alvarellos.info
981522137 - 609908852